

REQUIRIMENTO DA DOCUMENTACIÓN PREVISTA E SELECCIÓN DAS PRAZAS OFERTADAS NO PROCESO SELECTIVO DE ESTABILIZACIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO DE OPOSICIÓN, CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 14 DE DECEMBRO DE 2022 PARA A CATEGORÍA DE FACULTATIVO/A ESPECIALISTA DE ÁREA.

A base 10.4 da resolución da convocatoria do concurso-oposición para o ingreso na categoría de facultativo/a especialista de área en psiquiatría convocado mediante a Resolución do 14 de decembro de 2022 (DOG núm. 3 do 4 de xaneiro) establece que, co fin de asegurar a cobertura das prazas convocadas, no suposto de situacións en que as persoas seleccionadas por diversos motivos non continúen no proceso, cubrirase a baixa coa persoa aspirante incluída inmediatamente a continuación na relación de seleccionadas, pola orde de prelación que resulte da lista definitiva, con independencia da queda de acceso.

Unha vez finalizado o prazo de elección de destino e tendo en conta que resultaron prazas vacantes, esta dirección procede REQUIRIR a persoa aspirante que se relaciona no Anexo I deste documento para que **no prazo de 10 días hábiles**, presente a documentación prevista na base 9.1 da convocatoria nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dirixida á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde; Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela:

a) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos/das nacionais doutro Estado membro, non atoparse inhabilitado/a, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ser separado/a, por sanción disciplinaria, dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.



b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que o/a imposibiliten para o exercicio das funcións propias da categoría.

c) Por exixencia do artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, certificación do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos de non ter sido condena- do/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual ou, na súa falta, autorización escrita ao Servizo Galego de Saúde para consultar os datos contidos no citado rexistro e solicitar no seu nome a oportuna certificación. Esta autorización deberá prestarse no modelo que, para o efecto consta na páxina web do Servizo Galego de Saúde, na epígrafe relativo a emprego público (www.ser-gas.es/emprego público).

d) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter a condición de persoal esta- tutario fixo da mesma especialidade á que opta.

Se dentro do prazo fixado a persoa aspirante que se relaciona no anexo non presen- tase a documentación ou do exame dela se deducise que carece dalgún dos requisi- tos para participar no proceso selectivo, quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude inicial. Neste caso así como no caso de renuncia ou selección de destinos insuficientes se convocará a seguinte persoa aspirante pola orde de prelación da lista definitiva.

SEGUNDO.- Requerir a persoa aspirante que se relaciona no Anexo I para realizar a elección de destino da praza que se recolle no Anexo II.

Para estes efectos debe manifestar a ELECCIÓN ou a súa RENUNCIA á praza oferta- da.

Santiago de Compostela,

O Subdirector xeral de Selección de Persoal
do Servizo Galego de Saúde

[sinatura dixital á marxe]

Daniel Potel Villar





ANEXO I: Persoa aspirante pola orde de prelación

Categoría	Posto	DNI	Apelidos e nome
FACULTATIVO/A ESPECIALISTA EN PSIQUIATRÍA	17	***9167**	NAVA GARCIA, PATRICIA ANGELA

ANEXO II: Praza ofertada para a elección de destino (base 10.4)

Centro directivo	Centro	Quenda	Num. prazas
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Hospital Público da Barbanza	--	1

